



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA.

Expediente nº 69/142

Asunto: Xustificación das Subvenciones Nominativas

Orzamento 2021

Expediente 69/142

Dirixido aos seguintes servizos:

1532: Fomento.

2310: Benestar Social.

2311: Igualdade de xénero.

2410: Fomento e Promoción do Emprego.

3230, 3231, 3260: Promoción educativa e servizos complementarios de educación.

3330, 3331, 3340: Equipamentos culturais e Promoción Cultural.

3370: Ocupación e tempo Libre (Xuventude).

3380: Festas populares e festexos.

3410: Promoción e fomento do deporte.

4320: Información e Promoción turística.

9240: Participación Cidadá.

Con data 3 de agosto de 2020, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2021, o Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 18 e 26 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

De acordo co artigo 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, enténdese por subvención, toda disposición dineraria realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 da LGS, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceron.
- c) Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

O procedemento ordinario de concesión das subvencións é o do rexime de concorrencia competitiva.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:44

Páxina 1 de 2

Expediente 69/142

CSV: 24E98F-45EH54-B6EAB2-B9MT1F-YKX4HK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIA.

Expediente nº 69/142

Con carácter excepcional, as que figuran nominativamente no orzamento, para iso, debe figurar o beneficiario.

Aos efectos de incorporar a identificación xurídica do beneficiario á documentación que conforma o Orzamento, deberase xustificar a condición de subvención nominativa, indicando para cada grupo homoxéneo: Xustificación para que teñan a condición de nominativa e finalidade.

Para cada beneficiario:

Nome e CIF.

As contías e beneficiarios, salvo que se propoña a súa baixa, son as que figuran no orzamento do ano 2020 que se reproducen no ano 2021, de ahí que requiran a súa xustificación.

Xustificación do seu carácter nominativo.

Nota: Envíase listado das subvencións, tan só hai que xustificar aquelas que teñen carácter nominativo.

Incorpórase un trámite AUT para cada un dos Srs. Xefes de Servizo ou Área se fose o caso, para que se incorpore o informe ao expediente.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O CONCELEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira,
Resolución Alcaldía de 18 e 26/06/2019)

(Delegación,



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/11/2020 10:44

Páxina 2 de 2

Expediente 69/142

CSV: 24E98F-45EH54-B6EAB2-B9MT1F-YKX4HK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>